




# Concello da Coruña

Area / Unidade DIRECCION DE ECONOMIA, HACIENDA Y REGIMEN DE INTERIOR AD0000 AFR	Documento AD018I00EI
Código de verificación  3W03 2C64 202X 0H0U 16V3	Expediente 108/2023/564
	Data 26-04-2024

## ANUNCIO DO TRIBUNAL DA PUNTUACIÓN DO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN, CONVOCATORIA DO 2º EXERCICIO E OS CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DE 7 PRAZAS DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL (SUBGRUPO C1), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS (C.E. 15/22)

O tribunal nomeado por resolución do 22/02/2024 (BOP nº 48 de 7 de marzo de 2024) do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, para cualificar o proceso selectivo de referencia

### ACORDOU:

Anunciar o resultado das cualificacións finais do primeiro exercicio da fase de oposición, a convocatoria do lugar e data do segundo exame e os criterios de corrección para o segundo exercicio.

### Lugar e data da realización do segundo exercicio:

Data: 13.05.2024

Hora: 10.00 horas

Lugar: Centro Municipal de Emprego, sito na estrada os Fortes, nº 16. A Coruña.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

A Coruña, a data da sinatura electrónica do presente documento.

## ANEXO I

### RESULTADO DAS CUALIFICACIÓNS DO PRIMEIRO EXAME DA FASE DE OPOSICIÓN

NOMBRE	NOTA
GARCIA CRESPO, DANIEL	9,111
VALENCIA BARCIA, ALBERTO	9,000
GABEIRAS NIETO, ANTÓN	8,889
PRIETO FANDIÑO, JAIME	8,778
RAMIL VÁZQUEZ, JOSE ANTONIO	8,223
TAIBO CORTIÑAS, AGUSTIN	8,001
PREGO GARCIA, DAVID	8,001
MENENDEZ MARQUÉS, ALEJANDRO	7,889
ALONSO MOREIRA, CARLOS ALBERTO	7,556
GÓMEZ CASTRO, ESTEBAN	7,112
MARTÍNEZ GESTAL, ALEJANDRO	6,668
CAMINO LÓPEZ, ALBERTO	5,779
LÓPEZ BARREIRO, JOSE DAVID	5,557
PACHECO FERNÁNDEZ, RUBÉN	5,335
GARCIA RIAL, GUILLERMO	5,112
CAMPOS MARTÍNEZ, PEDRO	5,112
GONZÁLEZ GÓMEZ, SUSANA	5,112
FREIRE SÁNCHEZ, MAXIMINO	5,001



## ANEXO II

### CRITERIOS DE CORRECCIÓN DA SEGUNDA PROBA

A segunda proba do proceso consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha (1) hora, determinado polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no ANEXO TEMARIO da presente convocatoria.

Seguidamente, as persoas aspirantes procederán á lectura do caso práctico ante o tribunal.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para alcanzar a puntuación mínima.

Os CRITERIOS XERAIS de corrección da segunda proba do proceso son as seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementárase ou diminuirá na correspondente proporción en función da súa aproximación ao devandito contido.

2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e a contestación de todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

En desenvolvemento destas previsións da convocatoria o Tribunal, que deberá cualificar, acordou que os criterios específicos de corrección da segunda proba son os seguintes:

- **Precisión:** valorarase o inicio, desenvolvemento e finalización de cada un dos aspectos plasmados no enunciado do suposto práctico. Valorarase positivamente a finalización do suposto deixando encauzados todos os puntos enumerados no mesmo. 2,5 puntos.
- **Concreción:** as referencias legislativas son de importancia e valorarase na medida na que o opositor faga alusión a elas, tanto en forma (mediante nomenclatura da norma, con ou sen data), como no contido (mediante artigos concretos da norma reseñada); a maior concreción, maior valoración dese aspecto. 4 puntos.
- **Operatividade:** como mando da Policía Local, valorarase positivamente toda canta labor de organización, xestión, coordinación, toma de decisións e información que o opositor desenvolva ao largo do suposto. 2,5 puntos.
- **Presentación e lectura do suposto:** dado o carácter escrito do suposto, e as repercusións do traballo policial ao remitir as dilixencias e informes a

outros organismos públicos ou privados, será valorada a ortografía, a gramática, a sintaxe, así como a estruturación sempre tendo en conta a complexidade e o tempo de desenvolvemento do suposto. 0,75 puntos

Neste apartado toda incorrección ortográfica ou gramatical suporá unha resta de 0.10 puntos ata o máximo de 0.75 puntos.

Pola natureza do cargo o que se aspira, e en numerosas ocasións polo desempeño de labores informativas, presidentes de corporacións locais ou mandos de outros corpos, valoraranse positivamente unha correcta lectura, que ademais de fiel ao texto redactado, sexa clara e comprensible. 0,25 (total 1 punto).

Calquera persoa aspirante que no seu desenvolvemento propoña unha infracción do ordenamento xurídico en calquera aspecto da súa proposta de resolución será cualificado con 0 puntos na cualificación final da proba.

Calquera persoa aspirante que se identifique directa ou indirectamente na súa proposta de resolución será cualificado con 0 puntos na cualificación final da proba.

Calquera persoa aspirante que non se presente á hora indicada polo Tribunal para a lectura debidamente identificada será cualificada como non presentada na cualificación final da proba.

As lecturas son públicas. Calquera persoa que queira acudir á lectura doutro aspirante deberá identificarse, acreditar a súa condición de interesado no procedemento e entregar ao tribunal tódolos dispositivos electrónicos que poida ter nese momento, sen facerse o tribunal responsable dos ditos dispositivos depositados á entrada á lectura. O incumprimento deste punto ocasionará a exclusión do proceso selectivo da persoa que o incumpra.